



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., PARA A CONCESIÓN DO X E XI PREMIO DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO.

En Santiago de Compostela,

14 XUN. 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Alfonso Sánchez Izquierdo, na súa condición de director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. (Corporación RTVG), con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, sen número, Santiago de Compostela, CIF: A-15073349, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A., en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,



EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Corporación RTVG dedícase a promoción, difusión e impulso da lingua galega, ofrecendo calidade e a máxima continuidade e cobertura xeográfica, social e cultural, propiciando o acceso aos distintos xéneros de programacións e aos eventos institucionais, sociais e culturais dirixíndose a todos os públicos e favorecendo activamente a difusión cultural, intelectual e artística. O obxectivo da CRTVG é ofrecer programacións para fomentar a difusión da lingua e da cultura de Galicia a través de programas culturais con atención especial ao que interese aos habitantes de Galicia.



A Radio Galega, a través do programa Diario Cultural, organiza a décima e undécima edicións dun premio para fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e, así mesmo, facilitar unha plataforma de creación aberta ás novas linguaxes artísticas.

Poden participar todos os escritores e escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa Corporación RTVG e sexan maiores de 18 anos.

Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poderán ser adaptacións estando libres de todo compromiso anterior con emisoras de radios, televisións, editoriais ou entidades semellantes.

Os textos adoptarán o formato de guión radiofónico dramático e calculados para unha duración en antena de dez minutos como máximo e cun elenco de non máis de cinco personaxes. As autoras ou autores poderán utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos etc.

A directora ou director das dramatizacións radiofónicas poderá facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Cómpre ter en conta que as obras serán emitidas nas distintas franxas horarias, tamén en horario infantil.

Os argumentos das obras serán de temática libre e as autoras ou autores comprométense a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD e a súa publicación na web da Corporación RTVG. Para tal fin, as autoras ou autores premiados e finalistas, cédennlle a Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto.



Non se admitirán máis de dous guións por autora ou autor e de cada obra presentarase orixinal e cinco fotocopias.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIONES

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Corporación RTVG para a concesión dos premios con motivo da X e XI edicións do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico. Cada edición do Premio ten dúas modalidades:

- Premio xurado: dotación de 3.000 euros.
- Premio público: dotación de 3.000 euros.

O xurado valorará especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico escollendo entre as obras presentadas catro finalista como máximo. As obras seleccionadas emitiranse pola Televisión de Galicia. Das obras emitidas o xurado outorgará un e a audiencia escollera por votación a obra que obterá o Premio do Público. O xurado reservase a facultade de declarar deserto o premio convocado. Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado e o feito de concursar supón a aceptación das bases que se poden consultar na web www.crtvg.gal

A achega da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, é de un total de 12.000 € (6.000 € para a concesión dos premios nas dúas categorías/modalidades da X



edición, e 6.000 € para a concesión dos premios nas dúas categorías/modalidades da XI edición).

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización deste premio, por canto é único nas súas características en Galicia e pioneiro a nivel estatal no fomento da escrita de textos dramáticos para a radio e ten como obxectivo incentivar a creación dun corpus dramático propio para este medio; polo tanto non se trata só de recuperar as fórmulas convencionais de radioteatro senón tamén de estimular a escritura de pezas dramáticas contemporáneas e facilitar unha plataforma de creación aberta as novas linguaxes artísticas. Por todo o anterior é a Corporación RTVG a que posúe a especificidade para a organización deste premio dada a actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, xa que se trata de fomentar textos dramáticos para a radio.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

A Corporación RTVG comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se oponha á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto



na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A CRTVG deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.





A CRTVG comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aboará a cantidade total de 12.000 € á Corporación RTVG (6.000 € para a concesión nas dúas categorías/modalidades da X edición do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, e 6.000 € para a concesión nas dúas categorías/modalidades da XI edición do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico), con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.441.19, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

CUARTA.- Xustificación

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 26 de decembro de 2017.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-ciudadan>.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria efectuará o libramento dos fondos á Corporación RTVG unha vez outorgados os premios aos gañadores, e





despois de presentar electronicamente, con data límite de 26 de decembro de 2017, a seguinte documentación:

- Unha relación das obras presentadas a décima e undécima edición do Premio diario cultural de teatro radiofónico.
- Unha relación das obras finalistas que serán dramatizadas para a súa emisión por actores e actrices.
- As obras galardoadas cos premios do xurado e as obras galardoadas cos premios do público.
- Informe do desenvolvemento dos certames.
- Xustificación da entrega dos premios.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

A data tope de presentación da documentación xustificativa é do 26 de decembro de 2017. Poden presentar a documentación correspondente a X edición unha vez finalizada esta para que a Consellería proceda ao aboamento parcial de 6.000 €.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de





xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a CRTVG non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo director xeral da Corporación RTVG.

SEXTA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





SÉTIMA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a CRTV acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

OITAVA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Ademais, será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

NOVENA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.





Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria



Román Rodríguez González

O director xeral da Corporación RTVG



Alfonso Sánchez Izquierdo